

# A Barraca de Barriga Verde

---

**VIRAVOLTA TITERES**



## Un pouco de historia



Barriga Verde xorde coma un dos moitos personaxes de títeres creados por un home de extraordinario talento, chamado **José Silvent Martínez**, para o espectáculo que representaba no seu teatro ambulante, durante a primeira metade do século XX. A popularidade que acadou este personaxe produciu un fenómeno metonímico polo que o propio José Silvent pasou a ser coñecido por Barriga Verde, e Barriga Verde chegou a denominar o teatro, e ademais a totalidade do espectáculo de humor e entretemento que nel se ofrecía nas festas e romarías de Galicia.

“Morreu o demo  
acabouse a  
peseta”

Con esta frase daba o punto e final José Silvent ós espectáculos que facía na Barraca.



José Silvent Martínez

## Unha barraca singular

A **barraca de Barriga Verde** comezou sendo unha simple lona vertical que se penduraba entre dúas paredes, **Silvent** colocábase para manexar os monicreques e realizar o espectáculo, ó final pasaba o prato e os espectadores agradecían o seu divertimento botándolle unha moeda.

Posteriormente **Barriga Verde** fíxose cunha barraca de madeira que non puido ser realidade ata que contou cun automóbil para transportala. Como era habitual na empresa, esta barraca foi ideada por

**Barriga Verde** en colaboración coa súa familia e feita por un carpinteiro de Lugo.



## Un proxecto renovador

A modernidade da barraca era indiscutible. Estaba dotada de luz eléctrica e contaba cunha avanzada megafonía formada de amplificador, altosfalantes e micrófonos. **Barriga Verde** foi probablemente o primeiro en empregar unha gramola con altosfalantes nun espectáculo da súa categoría.

Exteriormente, a barraca de **José Silvent** tiña un porche sustentado por catro columnas coroado cunha especie de

tímpano. A decoración do mesmo era alusiva ós distintos números do espectáculo: canto, baile, pallasos malabarismo, monicreques... Tiña rotulado o nome da barraca, Teatro Melodías de España, a súa condición de espectáculo culto y moral e o gran subtítulo “**El auténtico Barriga Verde**” que pon de manifesto que o espectáculo tivo imitadores.



Familiares de José Silvent, que traballaron tamén nos espectáculos de Barriga Verde.

## A reconstrución da Barraca



Viravolta títeres xunto coa produtora audiovisual Tintimán, comezan a reconstrución da barraca de Barriga Verde co obxectivo de rememorar as andainas da familia Silvent polas feiras e festas de Galicia.

O proxecto conta con dúas partes, unha audiovisual e outra escénica. A parte audiovisual encargáse a produtora Tintimán que recolle a vida e historias do teatro popular en Galicia e Europa con Barriga Verde como protagonista, que será estreado a finais do 2011 contando coa participación da TVG.

Por outra banda, Viravolta títeres encárgase da parte escénica, reconstruíndo a barraca e o espectáculo que fará xirar por toda Galicia, para lembrarlle aos que o coñecían e amosarlle aos que non o teatro popular de aqueles tempos...

Barriga verde volta a escena!!



Fachada da nova Barraca



Presentador

## O Pavillón da risa

Durante a investigación da vida de **Barriga Verde**, apareceron varias barracas que a familia empregou durante os máis de cincuenta anos de existencia.

Unha de estas Barracas era “**O Pavillón da risa**”, que foi a que se escolleu para reproducir.

Tiña unha fachada decorada con figuras que facían alusión ao que se representaba no seu interior.

As medidas da fachada eran de 7m de largo por 4,5m de alto.

Tiña unha entrada e unha saída. No seu interior unha capacidade para máis de cen persoas que se acomodaban en cadeiras e bancos ou de pe, para ver o espectáculo de variedades que ofrecía **Barriga Verde**.

A nova reconstrución conserva as medidas da antiga, así como a capacidade de público que pode participar nas funcións.

Tamén nesta ocasión os deseñadores da nova barraca ilustraron na fachada figuras relacionadas cos espectáculos que se verá no seu interior.

Unha vez dentro poderanse sentar en asentos de madeira para poder disfrutar do espectáculo.

## O Interior da Barraca

Unha vez dentro, a barraca convértese nun teatro, equipada con asentos de madeira con capacidade para 100 persoas, iluminación de sala, equipo de son, etc, todo o necesario para pasar un bo momento na compañía das historias de Barriga Verde.

O espectáculo está asegurado pasen e vexan!!!




## A posta en escena



### Espectáculo de títeres

Mesturando a tradición do títere galego coa europea, recóllense cinco situacións que **Barriga Verde** en compañía da súa cachiporra, resolve dun xeito que incomoda ao Demo ao ver o seu inferno cheo de personaxes que non



### Viravolta títeres e Barriga Verde

Dende a desaparición do teatro de **Barriga en 1960** ata a aparición dos monicreques actuais en Galicia pasaron máis de 20 anos.

Viravolta foi unha das primeiras compañías en recuperar este arte que **Barriga Verde** deixara como legado. Investigou o teatro popular e as técnicas títriteiras, e con eles volveron á rúa os títeres.

Hoxe contan case 30 anos de existencia e máis de 30 obras no seu repertorio.



Os dous presentadores reciben ao público na porta facendo números cómicos, e atraendo a atención da persoas que están de paso.

### Dúas experiencias



San Lucas de Mondoñedo



San Froilán de Lugo

## Contacto:

### Viravolta títeres

Apdo correos 185  
36500, Lalin (Pontevedra)  
+34 986 784 694  
+34 630 166 194  
+34 645 137 031  
[info@viravolta.es](mailto:info@viravolta.es)  
[www.viravolta.es](http://www.viravolta.es)

